# Sen pedir nada por nada

Intro e estrofas **G – C – D – G**
Retrouso **G – C – D – G / Em – Bm – C – D**

**Intro**
**G - C - D - G**
**G - C - D - G**

**Estrofa 1**
**G**
Era unha aldea pequena,
**C**
dun pobo que hei de lembrar,
**D**
nunha vella casa de pedra
**G**
moita familia a xantar.
**G**
Alí case todos os días
**C**
comían caldo a fartar,
**D**
pois a carne se curaba,
**G**
e a matanza hai que agardar!

**Estrofa 2**
**G**
Os ovos ían pra feira,
**C**
feira das Somozas, vai,
**D**
cos froitos de todo o ano
**G**
que a terra sempre lles dá.
**Em**
Abaixo viven as vacas,
**Bm**
os porcos xusto ao entrar,
**C**
e subindo as escaleiras
**D**
arriba vas descansar.

**Retrouso**
**G**
¡Ai, a Panda, a miña aldea!
**C**
Onde o lume nunca para,
**D**
onde o pobo se axudaba
**G**
cun sorriso na mirada.
**Em**
Xuntos todos no camiño,
**Bm**
¡sen pedir nada por nada!
**C**
compartindo pan e viño,
**D**
coa colleita ben gardada.

**Interludio rápido**
**G - C - D - G**

**Estrofa 3**
**G**
Ao carón está a cociña
**C**
cunha lareira de pedra,
**D**
as ovellas polo monte,
**G**
as galiñas pola herba.
**G**
Saían todas de paseo
**C**
pola mañá tan tranquilas,
**D**
e só con darlles un berro
**G**
pra a casa volven axiña.

**Estrofa 4**
**G**
E ata que un día aconteceu,
**C**
que unha das oito irmás,
**D**
foi coas vacas a lindar
**G**
e no monte deulle vida.
**Em**
E volveu co seu meniño,
**Bm**
outro máis para a familia,
**C**
coas vacas detrás,
**D**
nun feliz parto de día.

**Retrouso**
Repite o retrouso completo.

**Estrofa 5**
**G**
Naquela feira de Somozas,
**C**
alí foron a vender,
**D**
as cousas que eles tiñan
**G**
que a terra lles deu a ben.
**G**
Era xente moi humilde
**C**
que do campo eles vivían
**D**
e cos veciños da contorna
**G**
o pouco que había compartían.

**Peche**
**G - C - D - G**
Repetir hasta terminar en un golpe seco en G